

GUÍA DOCENTE DE **INSTITUCIÓN EDUCATIVAS**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTITUCIÓN EDUCATIVAS										
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO	Pedagogía Xeral e da Linguaxe Musical	
CARÁCTER	Obrigatoria específica							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Pedagogía	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.								3	Observacións:	
									2	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	As organizaciónns e centros educativos: estruturas educativas dos diferentes niveis con incidencia nos de ensinanzas artísticas. Teorías da desescolarización. Tradición e presente nas organizaciónns escolares. Lexislación. Organización e desenvolvemento de institucións educaativas. Mellora e acción educativa. Xestión da convivencia. Avaliación de centros.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes á Teoría da Educación, Socioloxía e Didáctica xeral.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Esta disciplina está relacionada con Didáctica xeral.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T12, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X16, X27
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP1, EP6, EP7, EP9
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Coñecer os supostos teóricos da organización das institucións educativas.	T2, X16, EP1, EP6
2. Analizar a lexislación educativa dende a súa achega á organización e xestión escolar.	T1 T2 T15, X16 X27 EP1 EP6 EP7
3. Reflexionar sobre a práctica organizativa dos centros de ensinanzas artísticas de diferentes niveis.	T12, X16 X27, EP6 EP7EP9
4. Indagar sobre os distintos documentos de xestión e organización da comunidade educativa.	T2, X16, EP1 EP6 EP7
5. Valorar os mecanismos de control e avaliación que se empregan nos centros educativos para mellorar a calidade educativa.	T1 T2, X16, EP1 EP6 EP7 EP9
6. Coñecer e tomar conciencia da importancia do proceso avaliativo en todo a súa extensión	T1 T2 T12 T15, X16



como medio de calidade e mellora.	EP1 EP6 EP7
7. Comprender a vinculación das pautas institucionais e as concepcións pedagóxicas.	T2 T12, X16 X27, EP1 EP6 EP7

4. CONTIDOS

1. Nocións acerca das institucións educativas.
2. Lexislación educativa.
3. Estrutura das institucións educativas.
4. Organización das institucións educativas.
5. Avaliación das institucións educativas.

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición maxistral.	Presencial	Durante o cuadrimestre
Práctica individual: traballos sobre os exercicios dos temas.	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Práctica colectiva: Traballos sobre os exercicios dos temas, debates e exposicións.	Presencial e non presencial	Durante o cuadrimestre
Lectura guiada e comentario de fontes.	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Titorías: individuais e de grupo	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Actividades de avaliación: probas e revisión de probas	Presencial e non presencial	Durante o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre: ordinaria e extraordinaria, que consistirán no seguinte:

- A avaliación ordinaria terá en conta a asistencia dos alumno/as ademais dos exames, traballos, exposicións e participación nas actividades complementarias que se consideren adecuadas. Se o alumno/a perdera a avaliación continua por faltas de asistencia (serán determinadas pola CCP de cada centro), realizará a avaliación alternativa na que substituirase o porcentaxe da asistencia por un exame ou traballo complementario. A avaliación ordinaria terá lugar no mes de xaneiro.

- A avaliación extraordinaria se contempla para os alumno/as que no aprobaran a avaliación ordinaria e se realizará no mes de xullo. Os alumno/as terá que realizar un exame ou traballo complementario.

Tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria será imprescindible sacar unha nota mínima de 5 en cada un dos apartados.